



PLAN ESTRATÉXICO

ESCOLA UNIVERSITARIA

DE TRABALLO SOCIAL

2018-2020

Aprobado pola Xunta de Centro o

19 de decembro de 2017

INDICE

	Páx
1-Presentación do Centro.....	2
2-Misión, Visión e Valores.....	4
3-Análise DAFO.....	5
4-Análise CAME.....	8
5-Liñas Estratéxicas, Obxectivos, Accións e Indicadores.....	10
• Ámbito das persoas.....	10
• Ámbito da actividade universitaria.....	12
• Ámbito da xestión institucional.....	13
• Ámbito de relación co contorno.....	15

ELABORADO POR:	APROBADA PROPOSTA POR:	APROBADO POR:
Comisión de Calidade da Escola Universitaria de Traballo Social	Xunta de Centro da Escola Universitaria de Traballo Social	Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno
Data: 1 de decembro de 2017	Data: 19 de decembro de 2017	Data: 22 de febreiro de 2018

1. PRESENTACIÓN DO CENTRO

INTRODUCCIÓN

As orixes da Escola de Traballo Social marcan un fito importante na historia do Desenvolvemento Social de Galicia coa implantación de Técnicas de Acción Social. O coñecemento destes orixes serve para comprender mellor o presente dunha institución que conta no seu haber con 60 anos de existencia e que ten formado a máis de catro millares de Traballadores/as Sociais, que despregan a súa labor profesional xa non só a nivel rexional ou nacional, senón tamén internacional.

BREVE RESEÑA HISTÓRICA

Nun acto xurídico de Dereito eclesiástico, apróbanse os Estatutos da *Escuela de Enseñanza Social de Galicia*, como Centro de Ensinanza da Igrexa.

Despois da realización duns cursos preparatorios celebrados en A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela, o 20 de outubro de 1958, abre por primeira vez as súas portas a 25 alumnas na calle Xeneral Pardiñas, 23. O Centro chamouse *Escuela de Asistentes Sociales* e a carreira que cursaban nos tres cursos de formación teórico-práctica denominábase internacionalmente "*Servicio Social*". En 1960 as alumnas presentan por primeira vez unha tesíña ao final de 3º curso, dirixidas por profesionais do Servizo Social.

A primeira promoción de Asistentes Sociais en Galicia, egresa no ano **1961**. A celebración de tal acontecemento tivo lugar o día 18 de xuño nun acto solemne presidido polo Cardeal Quiroga e coa asistencia do Reitor Magnífico da Universidade de Santiago, o Alcalde da cidade, e outras autoridades. Pronunciou unha conferencia o profesor **D. José Fernando Filgueira Valverde**

No ano 1966 prodúcese o recoñecemento oficial polo Ministerio de Educación e Ciencia dos Estudos de Asistente Social e conseguintemente, das Escolas. Iníciáanse os exames de reválida ante un tribunal nomeado polo Ministerio de Educación e que, posteriormente á superación das probas, outorga o **Título Oficial de Grao Medio**.

No ano **1983**, o Centro transfórmase en Escola Universitaria. O 9 de marzo de 1983 constituíuse o Padroado Universitario e no mes de abril publícase no BOE o Plano de Estudos oficial das Escolas Universitarias. O 26 de outubro de 1983, o Consello de Ministros aproba o decreto de transformación a universitaria da Escola de Santiago e o 2 de decembro de 1983 o BOE publica o decreto de transformación adscribíndose á Universidade de Santiago de Compostela, sendo unha das 4 primeiras Escolas en realizar esta transformación (Barcelona, Comillas, León e Santiago de Compostela). O nome da nova titulación é **Diplomatura en Traballo Social**.

Tras ocupar diversas sedes, e debido ao incremento da demanda destes estudos, o 1 de decembro de 1988 a Escola establece a súa sede no edificio de San Martiño Pinario, onde continúa ubicada. Ata o ano 1994 era a única Escola Universitaria de Traballo Social en Galicia.

CREACIÓN DA FUNDACIÓN SANTIAGO APÓSTOL DE CIENCIAS SOCIALES

No ano 1999 créase a *Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociais* e é esta Fundación a encargada de rexer o futuro da denominada *Escuela Universitaria de Trabajo Social*, ostentando a personalidade xurídica e titularidade do Centro, e desaparecendo o Padroado “*Escuela de Enseñanza Social de Galicia*”. A Fundación é declarada de **interese galego** e de **interese docente** (orde de 15 de decembro de 1998 – DOGA nº 1 de 4 de xaneiro de 1999 e orde de 22 de abril de de 1998 – DOGA nº 89 de 12 de maio de 1998, respectivamente).

O ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

Europa pon en marcha o denominado Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). España asina os acordos de Bolonia que establecen un novo xeito de entender a realidade educativa dentro da Universidade, e supón unha revolución nos estudos universitarios no noso estado. Cámbiase a concepción da ensinanza, a duración dos estudos, defínense competencias a alcanzar, etc.. o que obriga a todas as Universidades Españolas a realizar un enorme esforzo para adaptar os estudos ofertados a esta nova realidade. As diplomaturas universitarias, de tres anos de duración, como é o caso desta titulación, equipáranse aos demais estudos engadindo un curso académico máis e **transformándose en Grao con 4 cursos** académicos de duración.

GRAO EN TRABALLO SOCIAL

No curso 2010-2011 implántase a nova titulación Grao en Traballo Social neste Centro. Para facilitar ao noso alumnado a adaptación a este novo título, impártese un curso de transición desde a diplomatura que permita ao alumnado que en 2009-2010 cursou 2º da diplomatura, realizar este curso de transición ao grao para que no curso 2011-2012 poida acceder a 4º curso de grao e así obter o novo título sen perder ningún ano de estudio. Non todo o alumnado optou por cambiar á nova titulación polo que durante dous cursos académicos consecutivos conviviron no centro ambas titulacións.

Por outra parte, para dar resposta as expectativas que antigos/as alumnos/as diplomados/as tiñan de obter o título novo, a Escola puxo en marcha un Curso Ponte ao Grao en Traballo Social que lles permitía, nun ano académico, obter o título de Graduado/a en Traballo Social a este colectivo, constituíndo un grupo específico e cun horario adaptado á realidade destes/as alumnos/as (a maioría traballando) para que puidesen acudir ao maior número posible de sesións docentes.

Esta nova forma de entender a ensinanza universitaria, supuxo un enorme esforzo por parte da Escola non só polo incremento de adicación en horas de docencia do profesorado, senón polo aumento do número de grupos de docencia. A nova normativa establece a obrigatoriedade de impartir docencia en grupos reducidos, increméntanse os estudos nun curso e se imparte o curso ponte ao grao en traballo social para profesionais o que implica, a priori, unha dotación de aulas das que a Escola carece e que se resolve coa colaboración do persoal e a elaboración de horarios de docencia axustados aos recursos dispoñibles, pero sempre tendo en conta as necesidades do alumnado e a calidade da docencia.

SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

A implantación do Grao en Traballo Social tamén supuxo a posta en marcha dun Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) no Centro, dentro do marco do Sistema de Garantía de Calidade da Universidade de Santiago de Compostela.

A Escola Universitaria de Traballo Social foi avaliada obtendo informe positivo, conforme ás directrices establecidas na documentación vixente do Programa FIDES-AUDIT para o deseño e desenvolvemento de Sistemas de Garantía Interna de Calidade da formación universitaria por parte da ACSUG (axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia) con certificado nº 15/11 con data de emisión 15 de decembro de 2011.

Dentro do compromiso deste Centro coa calidade, e seguindo o establecido no SGIC, e necesario establecer as liñas estratéxicas, ao abeiro e en consonancia co plan estratéxico da Universidade de Santiago de Compostela. A duración do plan aprobado pola USC ten vixencia ata o ano 2020 por iso o plan estratéxico que aquí se presenta abarcará o período 2018-2020.

2. MISIÓN, VISIÓN E VALORES

MISIÓN

A Escola Universitaria de Traballo Social, centro adscrito á Universidades de Santiago de Compostela, ten como misión organizar e ofrecer unha formación integral e de calidade, no ámbito da disciplina do Traballo Social. O principal obxectivo é contribuír á formación de futuros/as profesionais dende o compromiso cos dereitos humanos, a xustiza social e o respecto á diversidade.

VISIÓN

O Traballo Social é una profesión que parte dunha sólida formación teórica e un marcado carácter práctico. A visión busca a combinación de ambas dimensións para conquistar un perfil de titulado/a con un conxunto de competencias técnicas e persoais que o/a capaciten para desenvolver as súas funcións nos diferentes campos de intervención e investigación propios da profesión.

Para a súa consecución, propóñense como eixos:

- Ofrecer unha formación interdisciplinar, adaptada ás necesidades da sociedade e ó mercado laboral, que permita a adquisición de competencias profesionais, investigadoras e académicas.
- Procurar a constitución dun corpo docente de calidade, coñecedor das metodoloxías docentes e investigadoras innovadoras e preocupado polos estándares de calidade e dun persoal de administración

e servizos partícipe dos intereses do centro e preocupado pola excelencia no desempeño do seu traballo.

- Impulsar a formación continua do alumnado, persoas egresadas e profesionais.

VALORES

Como centro especialmente sensible e responsable co compromiso social, os valores universais de xustiza social, dereitos humanos e respecto á diversidade, son fundamentais. Ademais, os valores definidos pola EUTS son:

- **Éticos**
 - Integridade.
 - Responsabilidade social, compromiso de servizo á sociedade.
 - Transparencia e actitude aberta na transmisión de información e coñecementos.
 - Contribución á diminución da desigualdade e a inxustiza social.
- **Profesionais**
 - Procura da excelencia científica e o rigor académico.
 - Compromiso coa mellora continua mediante a profesionalidade e implicación do persoal.
 - Promoción da coordinación, colaboración, diálogo e traballo en equipo que propicie un clima laboral satisfactorio.
 - Actitude innovadora e de servizo aos grupos de interese do Centro.
 - Respecto á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, á diversidade e ás persoas en situación de vulnerabilidade social.

3. ANÁLISE DAFO

A análise DAFO faise considerando catro ámbitos: ámbito das persoas, ámbito da actividade universitaria, ámbito da xestión institucional e ámbito de a relación co contorno definindo, para cada un dos ámbitos mencionados defínense as liñas estratéxicas a seguir, os obxectivos marcados, as accións a realizar e os indicadores establecidos.

DEBILIDADES

- D1-Non se realizan titorías en grupos reducidos.
- D2-Escasa participación do alumnado a través das canles establecidas no Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- D3-Baixo número de profesorado doutor, especialmente entre o persoal con dedicación exclusiva.
- D4-Baixo perfil investigador do profesorado, en canto a participación en grupos de investigación e publicacións en revistas e editoriais de impacto.

- D5-Ausencia de propostas de dobres titulacións e cursos de postgrao vinculados ao Centro
- D6-Pendente de constitución do Comité Consultivo do Centro, formado por representantes de grupos de interese externos.
- D7-Escaso coñecemento do desenvolvemento do Sistema de Garantía Interna de Calidade entre os distintos grupos de interese.
- D8-Pouca proxección á sociedade das actividades realizadas, e do propio Centro.
- D9-Baixa información e orientación postitulación promovida desde o Centro
- D10 Escasa difusión, por parte do Centro, da oferta de voluntariado no ámbito social, da USC.

AMEAZAS

- A1-Diminución do alumnado por razóns demográficas.
- A2-Diminución do alumnado debido aos recortes nas axudas de apoio ao ensino.
- A3-Mellora da oferta e competitividade da Formación Profesional, na área de coñecemento.
- A4-Déficit da información sobre a titulación na orientación universitaria ofertada ao alumnado de ensino medio.
- A5-O nivel esixido de coñecemento de idioma de destino, como freo para incrementar o número de oferta de prazas ERASMUS.
- A6-Incremento da oferta da formación on-line na área de coñecemento.
- A7-Incremento das esixencias externas de xestión e burocráticas que dificultan a dispoñibilidade do equipo de dirección e corpo docente para levar a cabo accións estratéxicas e desenvolver o perfil investigador.
- A8-Competitividade de titulacións de áreas de coñecemento afíns.
- A9-Redución das ofertas de emprego para egresados debido á crise económica.
- A10-Baixo coñecemento na sociedade da profesión de Traballo Social.
- A11-Escasa presenza da figura profesional do traballador social nos medios de comunicación (TV, radio, prensa, internet).

FORTALEZAS

- F1-Taxas de resultados e satisfacción coa docencia recibida por parte do profesorado, consistentemente satisfactorias por encima da media da USC.
- F2-Atención personalizada e orientación ao alumnado no Centro.
- F3-Creación dun grupo específico para o alumnado de novo ingreso que se incorpora ás aulas no mes de outubro (convocatoria ABAU setembro).
- F4-Capacidade de traballo, implicación e coordinación do persoal docente.
- F5-Guías docentes das materias, complementarias aos programas académicos oficiais.
- F6-Edición de Guías e Manuais específicos de apoio, que se entregan gratuitamente ao alumnado, tales como: Guía Académica da titulación e Manual para o practicum e traballo de fin de grao en Traballo Social

- F7-Curso 0: Guía para a presentación de traballos académicos e sesión formativa anual sobre pautas e normas para a elaboración de traballos académicos.
- F8-Volume elevado e en incremento permanente dos convenios con entidades para a realización de prácticas do alumnado e diversidade da oferta en ámbitos públicos e privados
- F9-Implicación e esforzo para responder ás preferencias do alumnado para a realización do practicum.
- F10-Seguimento exhaustivo do desenvolvemento do practicum do alumnado a través das supervisións titorizadas polo profesorado e visitas aos centros de prácticas por parte dos/as titores/as académicos/as e sistema propio de avaliación das prácticas externas.
- F11-Protocolos de actuación para os titores , para o seguimento dos traballos de fin de grao.
- F12-Web propia do Centro, especificamente o Portal do Estudante actualizado e con información relevante para o alumnado.
- F13-Campaña de difusión propia do Centro: a través de medios de comunicación, asistencia a eventos (feiras, xornadas etc..), mediante visitas concertadas ao Centro, como complemento ás actividades realizadas pola USC.
- F14-Vinculación da Escola con outras Centros que imparten o título, a través da participación da Dirección da EUTS nas Comisións Estatais da Conferencia de Decanos/as e Directores/as de Escolas de Traballo Social.
- F15-Establecemento de convenios coa Xunta de Galicia para o uso, con fins docentes, das aplicacións informáticas implantadas no Sistema Galego de Servizos Sociais.
- F16-Actividades formativas dirixidas ao colectivo de traballadores/as sociais que colaboran co Centro como titores externos do practicum.
- F17-Seguimento da inserción laboral dos egresados do Centro a través de sondaxes propias.
- F18-Bolsas de apoio ao estudio propias do Centro.

OPORTUNIDADES

- OP1-Tendencia ao incremento do alumnado de novo ingreso nos últimos tres cursos académicos.
- OP2-Profesión de referencia no Sistema Público de Servizos Sociais, recoñecida na normativa estatal e autonómica.
- OP3-Demanda por parte de institucións para o establecemento de convenios de prácticas.
- OP4-Coordinación e colaboración co Colexio Profesional.
- OP5-Xurdimento de novos xacementos de emprego de interese na titulación como responsabilidade social corporativa e xestión de proxectos europeos.
- OP6-Taxa de inserción laboral de egresados satisfactoria.
- OP7-Alta empregabilidade acorde á titulación.
- OP8-Boa imaxe consolidada, que os centros e institucións teñen da EUTS que posibilita unha relación fluída no marco das relacións institucionais.
- OP9-Diversidade de oferta de formación para egresados/as.
- OP10-Repositorio institucional MINERVA como canle de difusión de coñecementos da disciplina.
- OP11-Participación no Campus da Cidadanía.
- OP12-Maior número de estudos de postgrao aos que teñen acceso os/as graduados/as.

4. ANÁLISE CAME

RELACIÓN ENTRE FORTALEZAS (F) E OPORTUNIDADES (OP)		
ÁMBITOS		
Actividade Universitaria	Liña estratéxica: Posta en valor da actividade docente ao servizo do alumnado	
	Fortalezas: F1, F2, F4, F5, F6 e F7 F1 - Taxas de resultados e satisfacción coa docencia recibida por parte do profesorado, consistentemente satisfactorias por encima da media da USC. F2 - Atención personalizada e orientación ao alumnado no centro F4 - Capacidade de traballo, implicación e coordinación do persoal docente. F5 - Guías docentes das materias, complementarias aos programas académicos oficiais. F6 - Edición de Guías e Manuais específicos de apoio, que se entregan gratuitamente ao alumnado, tales como: Guía Académica da titulación e Manual para o practicum e traballo de fin de grao en Traballo Social F7 - Curso 0: Guía para a presentación de traballos académicos e sesión formativa anual sobre pautas e normas para a elaboración de traballo académicos.	Oportunidades: OP1 OP1 - Tendencia ao incremento do alumnado de novo ingreso nos últimos tres cursos académicos.
Persoas	Liña estratéxica: Oferta da titulación de referencia no Sistema Público de Servizos Sociais	
	Fortalezas: F17 F17 - Seguimento da inserción laboral dos egresados do Centro a través de sondaxes propias.	Oportunidades: OP2, OP5 OP2 - Profesión de referencia no Sistema Público de Servizos Sociais, recoñecida na normativa estatal e autonómica. OP5 - Xurdimento de novos xacementos de emprego de interese na titulación como responsabilidade social corporativa e xestión de proxectos europeos.
Relación co contorno	Liña estratéxica: Vincular a demanda laboral na oferta académica	
	Fortalezas: F17 F17 - Seguimento da inserción laboral dos egresados do Centro a través de sondaxes propias.	Oportunidades: OP5, OP6, OP7 OP5 - Xurdimento de novos xacementos de emprego de interese na titulación como responsabilidade social corporativa e xestión de proxectos europeos. OP6 - Taxa de inserción laboral dos egresados satisfactoria. OP7 - Alta empregabilidade acorde á titulación.
Relación co contorno	Liña estratéxica: Reforzo da vinculación entre os ámbitos académico e laboral	
	Fortalezas: F8 F8 - Volume elevado e en incremento permanente dos convenios con entidades para a realización de prácticas do alumnado e diversidade da oferta en ámbitos públicos e privados	Oportunidades: OP8 OP8 - Boa imaxe consolidada, que os centros e institucións teñen da EUTS que posibilita unha relación fluída no marco das relacións institucionais.
Relación co contorno / Actividade Universitaria	Liña estratéxica: Procura da excelencia docente	
	Fortalezas: F1, F16 F1 - Taxas de resultados e satisfacción coa docencia recibida por parte do profesorado, consistentemente satisfactorias por encima da media da USC. F16 - Actividades formativas dirixidas ao colectivo de traballadores/as sociais que colaboran co Centro como titores externos de practicum.	Oportunidades: OP9, OP11, OP12 OP9 - Diversidade da oferta de formación para egresados/as. OP11 - Participación no Campus da Cidadanía. OP12 - Maior número de estudos de postgrao aos que teñen acceso os/as graduados/as.

	PLAN ESTRATÉXICO 2018 - 2020 ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL		Código: F01-PE-01 Versión: 01 Data: 11/12/2017
			Páxina 9 de 16

RELACIÓN ENTRE FORTALEZAS (F) E AMEAZAS (A)		
ÁMBITOS		
Relación co contorno	Liña estratéxica: Visibilizar a relación entre a titulación e a realidade profesional e laboral	
	Fortalezas: F8, F9, F15 e F17 F8 - Volume elevado e en incremento permanente dos convenios con entidades para a realización de prácticas do alumnado e diversidade da oferta en ámbitos públicos e privados F9 - Implicación e esforzo para responder ás preferencias do alumnado para a realización do practicum. F15 - Actividades formativas dirixidas ao colectivo de traballadores/as sociais que colaboran co Centro como titores externos de practicum. F17 - Seguimento da inserción laboral dos egresados do Centro a través de sondaxes propias.	Ameazas: A3, A6 A3 - Mellora da oferta e competitividade da Formación Profesional, na área de coñecemento. A6 - Incremento da oferta da formación on-line na área de coñecemento
Xestión institucional	Liña estratéxica: Busca de vías de financiamento para o alumnado	
	Fortalezas: F18 F18 - Bolsas de apoio ao estudio propias do Centro	Ameazas: A2 A2 – Diminución do alumnado debido aos recortes nas axudas de apoio ao ensino.
Relación co contorno	Liña estratéxica: Dimensionar as campañas de difusión do Centro	
	Fortalezas: F13 F13 - Campaña de difusión propia do Centro: a través de medios de comunicación, asistencia a eventos (feiras, xornadas etc.), mediante visitas concertadas ao Centro, como complemento ás actividades realizadas pola USC.	Ameazas: A4, A10, A11 A4 - Déficit de información sobre a titulación na orientación universitaria ofertada ao alumnado de ensino medio. A10 - Baixo coñecemento da profesión de Traballo Social. A11 - Escasa presenza da figura profesional do traballador social nos medios de comunicación (TV, radio, prensa, internet).

RELACIÓN ENTRE DEBILIDADES (D) E OPORTUNIDADES (OP)		
ÁMBITO		
Relación co contorno	Liña estratéxica: Compromiso e implicación co colectivo profesional do traballo social	
	Debilidades: D9 D9 - Baixa información e orientación postitulación promovida desde o Centro.	Oportunidades: OP4 OP4 - Coordinación e colaboración co Colexio Profesional.
Actividade Universitaria	Liña estratéxica: Mellora da diversidade da oferta académica da optatividade	
	Debilidades: D5 D5 – Ausencia de propostas de dobres titulacións e cursos de postgrao vinculados ao Centro.	Oportunidades: OP1 OP1 - Tendencia ao incremento do alumnado de novo ingreso nos últimos tres cursos académicos
Relación co contorno	Liña estratéxica: Mellora das relación cos grupos de interese da titulación	
	Debilidades: D6 D6 - Pendente de constitución do Comité Consultivo do Centro, formado por representantes de grupos de interese externos.	Oportunidades: OP4, OP8 OP4 - Coordinación e colaboración co Colexio Profesional. OP8 - Boa imaxe consolidada, que os centros e institucións teñen da EUTS que posibilita unha relación fluída no marco das relacións institucionais.

RELACIÓN ENTRE DEBILIDADES (D) E AMEAZAS (A)		
ÁMBITO		
Persoas	Liña estratéxica: Mellora da formación académica e postacadémica	
	Debilidades: D5 e D9 D5 – Ausencia de propostas de dotes titulacións e cursos de postgrao vinculadas ao centro. D9 - Baixa información e orientación postitulación promovidas desde o centro.	Ameazas: A1, A6 e A8 A1 - Diminución do alumnado por razóns demográficas A6 - Incremento da oferta da formación on-line na área de coñecemento. A8 - Competitividade de titulacións de áreas de coñecemento afíns.
Actividade Universitaria	Lina estratéxica: Aproveitamento dos recursos humanos e mellora da asignación de tarefas	
	Debilidades: D3 D3 - Baixo número de profesorado doutor, especialmente entre o persoal con adicación exclusiva.	Ameazas: A7 A7 – Incremento das esixencias externas de xestión e burocráticas que dificultan a dispoñibilidade do equipo de dirección e corpo docente para levar a cabo accións estratéxicas e desenvolver o perfil investigador.
Relación co contorno	Liña estratéxica: Maior difusión externa do Centro	
	Debilidades: D8 D8 - Pouca proxección á sociedade das actividades realizadas, e do propio Centro.	Ameazas: A10 A10 - Baixo coñecemento da profesión de Traballo Social.

ÁMBITO	LIÑA ESTRATÉXICA
Persoas	Liña 1: Desenvolvemento da formación do estudantado
Actividade Universitaria	Liña 2: Posta en valor da excelencia docente
	Liña 3: Unha titulación para a sociedade
Xestión Institucional	Liña 4: Oferta académica vinculada á demanda social
	Liña 5: Procura de apoios ao alumnado
Relación co Contorno	Liña 6: Compromiso e implicación cos axentes externos

5. LIÑAS ESTRATÉXICAS, OBXECTIVOS, ACCIÓNS E INDICADORES

Ámbito das persoas

Liña estratéxica 1: Desenvolvemento da formación do estudantado

Obxectivo 1.1: Potenciar a formación académica e postacadémica do Grao en Traballo Social como titulación de referencia do Sistema Público de Servizos Sociais.

As **accións** a levar a cabo para acadar este obxectivo son:

- 1.1.1 Adoptar medidas para incorporar novos convenios para o alumnado en programas de mobilidade (preferentemente de fala inglesa).
- 1.1.2 Modificación da MVT en relación aos grupo de titorías presenciais.
- 1.1.3 Propoñer formación de especialización liderada polo Centro.

Os **indicadores** establecidos son:

- Número de convenios de mobilidade xestionados
- Número de convenios de fala inglesa xestionados
- Envío de proposta de modificación de la MVT2010 en relación aos grupos de titorías presenciais á USC
- Implantación dos grupos de titorías presenciais
- Número de actividades formativas deseñadas
- Número de actividades formativas implantadas

Obxectivo 1.2: *Aumentar a participación do alumnado na dinámica do Centro.*

As **accións** a levar a cabo para acadar este obxectivo son:

- 1.2.1 Facilitar medios e tempo para que o alumnado participe nas enquisas de satisfacción.
- 1.2.2 Realizar charlas informativas para concienciar sobre a importancia e utilidade do SGIC
- 1.2.3 Comunicación ao profesorado para motivar a participación do alumnado nas enquisas
- 1.2.4 Difusión dos períodos das enquisas en diferentes canles

Os **indicadores** establecidos son:

- Tempo facilitado na aula informática para participar nas enquisas
- Número de charlas informativas realizadas
- Comunicación efectuada ao profesorado
- Canles nas que se difundiron os períodos de enquisas
- Taxas de participación das enquisas do alumnado (IN-48-PM-02)

Ámbito da actividade universitaria

Liña estratéxica 2: Posta en valor da excelencia docente

Obxectivo 2.1: *Potenciar a formación continua do profesorado.*

As **accións** a levar a cabo para acadar este obxectivo son:

- 2.1.1 Xestión dun Convenio coa USC para acceder aos seus programas formativos en igualdade de condicións que o PDI propio.
- 2.1.2 Promoción da participación do profesorado en cursos organizados/liderados polo Centro ou por outras institucións.

Os **indicadores** establecidos son:

- Proposta de Convenio coa USC
- Formalización do Convenio
- Número de docentes asistentes a cursos

Obxectivo 2.2: *Potenciar a actividade investigadora do profesorado.*

As **accións** a levar a cabo para acadar este obxectivo son:

- 2.2.1 Concesión de días libres en período lectivo ao profesorado, para a asistencia/participación a cursos/congresos etc.
- 2.2.2 Apoio económico para a presentación de comunicacións e/ou pósters en cursos e/ou congresos.

Os **indicadores** establecidos son:

- Número de cursos/congresos nos que teña participado profesorado do Centro.
- Número de comunicacións/pósters presentados.
- Número de inscricións financiadas
- Número de días libres concedidos/número de días libres solicitados

Obxectivo 2.3: *Aumentar a implicación dos/as docentes e PAS co SGIC*

As **accións** a levar a cabo para acadar este obxectivo son:

- 5.2.1 Envío do MINISGIC e solicitude de suxestións ao profesorado e PAS
- 5.2.2 Difusión dos períodos das enquisas de satisfacción a docentes e PAS.

Os **indicadores** establecidos son:

- Número de suxestións recibidas
- Taxa de participación nas enquisas coa satisfacción no seu traballo, de docentes e PAS

Liña estratéxica 3: Unha titulación para a sociedade

Obxectivo 3.1: *Axustar a diversidade da oferta académica da optatividade á demanda social.*

A **acción** a levar a cabo para acadar este obxectivo son:

- 3.2.1. Revisar anualmente a oferta a incluír no PDA como materias optativas

Os **indicadores** establecidos son:

- Acta da Comisión de Título en canto á revisión anual da oferta da optatividade
- Variación na matrícula das materias optativas ofertadas

Obxectivo 3.2: *Reforzar a participación do alumnado nas actividades ofertadas pola USC.*

A **acción** a levar a cabo para acadar este obxectivo é:

- 3.2.2. Difundir a oferta do voluntariado da USC especialmente en actividades do ámbito social

O **indicador** establecido é:

- Número de canles de difusión da oferta

Ámbito da xestión institucional

Liña estratéxica 4: Oferta académica vinculada á demanda social

Obxectivo 4.1: *Mellorar a oferta dos convenios de practicum.*

As **accións** a levar a cabo para acadar este obxectivo son:

- 4.1.1 Xestión das propostas de convenios recibidas de diferentes entidades
- 4.1.2 Xestión das propostas de convenios a iniciativa do alumnado

4.1.3 Xestión das propostas de convenios a iniciativa do Centro

Os **indicadores** establecidos son:

- Número de convenios xestionados recibidos de diferentes entidades
- Número de convenios xestionados a iniciativa do alumnado
- Número de convenios xestionados a iniciativa do Centro

Obxectivo 4.2: *Reforzar a formación do alumnado nas aplicacións informáticas vinculadas ao eido socio-sanitario.*

A **acción** a levar a cabo para acadar este obxectivo é:

4.2.2 Actualización e ampliación dos Convenios asinados coa Xunta de Galicia

O **indicador** establecido é:

- Convenios asinados

Liña estratéxica 5: Procura de apoios ao alumnado

Obxectivo 5.1: *Facilitar ao alumnado o financiamento dos estudos no Centro.*

As **accións** a levar a cabo para acadar este obxectivo son:

- 5.1.1. Establecer mecanismos de facilidades de pago no Centro
- 5.1.2. Xestión con entidades bancarias sobre diferentes formas de financiamento de estudos
- 5.1.3. Ofertar axudas económicas propias para o financiamento da inscrición no Centro

Os **indicadores** establecidos son:

- Número de solicitudes de fraccionamento de pago atendidas
- Número de xestións con entidades bancarias
- Número de alumnado bolseiro con exención de cotas
- Número de alumnado bolseiro na Aula de Informática

Ámbito da relación co contorno

Liña estratéxica 6: Compromiso e implicación cos axentes sociais

Obxectivo 6.1: *Mellorar as relacións cos grupos de interese da titulación.*

A **acción** a levar a cabo para acadar este obxectivo é:

- 6.1.1. Constitución dun Comité Consultivo formado por representantes de grupos de interese externos

O **indicador** definidos é:

- Acta de constitución do Comité Consultivo e composición do mesmo

Obxectivo 6.2: *Maior divulgación externa do Centro.*

As **accións** a levar a cabo para acadar este obxectivo son:

- 6.2.1. Creación dun espazo na web do Centro para persoas egresadas
- 6.2.2. Potenciar na web propia, en Destacados, a “Solicitude de visita para coñecer o Centro”
- 6.2.3. Publicidade da titulación de Traballo Social deste Centro
- 6.2.4. Participación en eventos informativos sobre os estudos universitarios, en centros de ensino medio
- 6.2.5. Celebración de charlas sobre o Grao en Traballo Social deste Centro

Os **indicadores** establecidos son:

- Espazo web creado para persoas egresadas
- Número de visitas solicitadas ao Centro
- Número de notas divulgativas enviadas
- Duración da campaña de publicidade on-line
- Número de eventos formativos nos que se participou
- Número de persoas atendidas nos eventos informativos
- Número de charlas impartidas
- Número de persoas que asistiron ás charlas

Obxectivo 6.3: *Visibilización da vinculación e relación entre o ámbito académico e o profesional/laboral.*

As **accións** a levar a cabo para acadar este obxectivo son:

- 6.3.1 Difusión en medios de comunicación das xornadas formativas organizadas polo Centro ou en colaboración con outras entidades
- 6.3.2 Difusión dos períodos de enquisas de satisfacción aos grupos de interese externos ao Centro
- 6.3.3 Realizar sondaxes a través dunha enquisa telefónica ás persoas egresadas sobre a inserción laboral
- 6.3.4 Realizar actividades divulgativas en colaboración co Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

Os **indicadores** establecidos son:

- Número de notas informativas enviadas aos medios de comunicación
- Número de titoras/es externas/os que participan nos cursos
- Grupos de interese aos que se comunica o período de enquisas
- Taxa de participación nas enquisas dos distintos grupos de interese externos
- Número de persoas egresadas coas que se contactou telefonicamente
- Número de persoas egresadas que responden a enquisa
- Número de actividades divulgativas realizadas en colaboración co Colexio Oficial
- Número de alumno/as inscritos/as nas actividades

INFORME SOBRE A PROPOSTA DE PLAN ESTRATÉXICO DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL

O 1 de decembro recibese na Área de Calidade e Mellora dos Procedementos a proposta de Plan Estratéxico 2018-2020 da Escola Universitaria de Traballo Social, unha vez cumprido o prazo de exposición pública dirixido aos grupos de interese do centro.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

De acordo co proceso do Sistema Marco de Garantía da Calidade da Universidade de Santiago de Compostela e do Sistema Garantía Interna da Calidade da Escola Universitaria de Traballo Social, sobre determinación da política e os obxectivos de calidade (código PE-01), e máis concretamente, de acordo co procedemento de elaboración e aprobación do Plan Estratéxico (código P01-PE-01), a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, a través da vicerreitoría con competencias en materia de calidade, deberá revisar a súa adecuación e congruencia co Plan Estratéxico da USC, para o período 2011-2020.

Ademais, de acordo co procedemento citado de elaboración e aprobación do Plan Estratéxico da Escola Universitaria de Traballo Social, o plan deberá incluír:

- a análise da situación actual, preferentemente a través dunha análise DAFO;
- unha análise prospectiva da situación futura que orientará a estratexia a seguir e,
- a planificación e priorización das iniciativas do equipo de dirección e o calendario de tempos para a súa realización.

INFORME:

Unha vez revisado o Plan Estratéxico, verifícase a súa congruencia coas liñas do Plan Estratéxico da USC, ademais de conter a análise da situación actual e tamén as fortalezas e debilidades detectadas.

A correspondencia das súas liñas estratéxicas coas recollidas no Plan Estratéxico da USC é a que segue:

Plan Estratéxico (2018-2020)	Plan Estratéxico USC (2011-2020)
<p>Ámbito Persoas:</p> <p>1.- Potenciar a formación académica e postacadémica do grao como titulación de referencia do Sistema Público de Servizos Sociais.</p> <p>2.- Aumentar a participación do alumnado na dinámica do Centro</p>	<p>Ámbito Persoas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O estudiantado: valor presente e futuro: Incrementar o talento na USC a través da atracción de alumnas/os con altas capacidades, aproveitando para isto a boa imaxe de marca da USC - Compromiso co desenvolvemento profesional do seu persoal.

<p>Ámbito Actividade Universitaria:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Potenciar a formación continua do profesorado 2.- Potenciar a actividade investigadora do profesorado 3.- Aumentar a implantación dos/as docentes e PAS co SGIC 4.-Axustar a diversidade da oferta académica da optatividade á demanda social 5.- Reforzar a participación do alumnado nas actividades ofertadas pola USC 	<p>Ámbito Actividade Universitaria:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Oferta de titulacións adaptada ás necesidades da sociedade - Procura da excelencia na docencia.
<p>Ámbito da Xestión Institucional:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Mellorar a oferta dos convenios de practicum 2.-Reforzar a formación do alumnado nas aplicacións informáticas vinculadas ao eido socio-sanitario 3.-Facilitar ao alumnado o financiamento dos estudos no centro 	<p>Ámbito da Xestión Institucional:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Unha universidade de recoñecido prestixio internacional - Xestión simple, eficaz e transparente dos recursos
<p>Ámbito Relación co Contorno:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Mellorar as relacións cos grupos de interese da titulación 2.- Maior divulgación externa do centro 3.- Visibilización da vinculación e relación entre o ámbito académico e o profesional/laboral 	<p>Ámbito Relación co Contorno:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O compromiso e a implicación coa sociedade

O Plan Estratéxico da Escola Universitaria de Traballo Social **infórmase favorablemente**, se ben deberán terse en conta as seguintes recomendacións:

1. Débese **desenvolver a curto prazo unha Programación Plurianual**, de acordo co proceso de Planificación Estratéxica do SGC. Este documento servirá para dispoñer dun cadro de mando que estableza metas, prazos, responsabilidades e recursos para o desenvolvemento dos obxectivos estratéxicos recollidos no Plan Estratéxico.
2. A **Política de Calidade do centro debe modificarse na próxima revisión do sistema**, cando se elabore a Memoria da Calidade do Centro, para incorporar a misión, visión e valores recollidos no Plan Estratéxico 2018-2020.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017

A xefa da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos

Pilar Martínez García

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA PILAR MARTINEZ GARCIA, XEFA DA AREA DE CALIDADE E MELLORA DOS PROCEDEMENTOS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 11/12/2017 12:58:44.

CSV: 6EFC-44F2-441A-BA64